

Onomástica Galega

Empadronando un país

LUCÍA SEOANE

Se no anterior número de FARO DAS LETRAS viña ser o propio director do suplemento, Xosé Ramón Pena, quen daba noticia de *Letras primeiras. O Foral do Burgo de Caldeas* —obra de Henrique Monteagudo—, desta vez correspóndelle a esta colaboradora ocuparse do grato labor de levar a cabo a recensión doutro título integrado dentro da “Biblioteca Filolóxica Galega” que o Instituto da Lingua Galega publica co patrocinio da Fundación Pedro Barrié de la Maza. Trátase de *Callaica Nomina. Estudios de Onomástica Gallega*, un volume do que é autor o profesor da Universidade de Santiago de Compostela, Juan J. Moralejo.

Asistimos, entón, ao longo das páxinas de *Callaica Nomina* a un conxunto de dezanove traballos referidos á onomástica do noso país e, máis singularmente, da súa toponimia e hidronimia, focadas desde o estrato prelatino. Como ben se pon de manifesto na contracapa do libro, por máis que o profesor Moralejo parta dunha declaración cautela, de prudencia esencial respecto do tratamento dos materiais dos cales se ocupa, non por iso renuncia a expoñer con nitidez os seus posicionamentos arredor dun conxunto de problemáticas que continúan candentes nas análises da nosa filoxoloxía.

Así, por exemplo, o capítulo sexto ocúpase, precisamente, de “Gallaecia y sus eti-

mologías”, levando adiante un repaso acerca das liñas de realidade e de mito que foron propostas ao longo dos anos, algunhas delas aportando, certamente, explicacións curiosas e/ou con pretensións de lustre histórico.

“Bormánico”, epíteto toponímico, é o título do capítulo nove. O profesor Moralejo conclúe que Bormánico remite á base indoeuropea “ghe/or(m)” (“calor”, “quentar”), facendo relación de lugares onde abundan as caldas; isto é, as augas termais.

“C a m b r e”, Pambre e outros topónimos en –bre” conforma, da súa parte, o apartado número dez. Na estimación do noso autor, no caso de “palam(b)rg”, que estaría na base do medieval

Paambra, e aínda na de Pambre, “haberá” que contar con “pal-a” para a perda do –l, Pambra podería ser “marca ou terreo da rocha, do peneño”.

Acerca do río Miño e das diversas etimoloxías propos-

tas para el versa o epígrafe décimo quinto. Indica Moralejo que en todo o material onomástico hispánico, e mesmo extrahispánico, que nas súas formas min-, miñ-, minh- ten consonancias do “Miño” pode haber raíces e significacións varias: tal é o caso, por exemplo, de “Miñor”. En ambos os casos, a importancia piscícola pode estar na base da etimoloxía, de tal xeito que estaríamos diante dunha significación que apunta a “murallas”, “dique”, “defensa”, “nasa”... que fan referencia ás artes de pescar salmóns, lampreas ou sábalo.

En fin, outros apartados como “Documentación prelatina en Gallaecia” ou “O río do esquecemento e outras cousas da Limia” veñen completar un volume que, para alén do rigor filolóxico, amosa unha prosa ben construída, directa e que pode ser degustada mesmo por aqueles que, sen seren especialistas en filoloxía, si se interesan nas orixes da nosa onomástica.

MORALEJO, Juan J., *Callaica Nomina*, Fundación Barrié de la Maza, A Coruña, 2009, PVP 20€

